



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O
DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2015
Núm. 15/15**

Lugar: Casa consistorial do Concello de Bueu. Salón de sesións

Data: 10.12.2015

Hora da convocatoria: 20.00 h

Hora de comezo: 20.00 h

Hora de remate: 20.30 h

Sres. asistentes:

Alcalde.-

D. FÉLIX JUNCAL NOVAS

Concelleiros.-

Polo Grupo BNG-ASEMBLEAS ABERTAS

DON MARTIN VILLANUEVA PASTORIZA

DON JUAN CARLOS EIREA EIRAS

DONA ANA ISABEL OTERO PASTORIZA

DON JOSE INOCENTE GARCIA CUERVO

DON FIDEL CASTRO QUIROGA

DONA MARÍA JOSÉ PÉREZ PIÑEIRO

DON MANUEL OTERO PÉREZ

DON XOSE LEAL FARIÑA

DONA M^a TERESA LÓPEZ GONZÁLEZ

DONA SILVIA CARBALLO GONZÁLEZ

Polo Grupo PARTIDO POPULAR

DONA BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ

DONA MERCEDES DEL PILAR OTERO GONZALEZ

Polo Grupo PSdeG-PSOE

DON JOSE MANUEL VILAS PASTORIZA

Polo Grupo SON

DON JULIO VILLANUEVA GONZALEZ

Secretaria

D^a Nuria Lobato del Río

Non asiste á sesión, sen que conste xustificación da ausencia no expediente administrativo da sesión plenaria na data da súa celebración, o concelleiro pertencente ao grupo político municipal do Partido Popular, Don Manuel Santos Pires.

No Salón de actos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:00 horas do día 10 de decembro de 2015, réunese o Pleno da Corporación Municipal, baixo a Presidencia do sr. alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao mes de decembro, coa seguinte orde do día que resulta da resolución da Alcaldía núm. 1076/15 de data 04 de decembro de 2015 e notificada ós membros da mesma:

1.- Actas anteriores (ordinaria de 09/11/15 e extraordinaria de 23/11/2015)



- 2.- *Toma de razón da renuncia ao cargo de concelleiro da corporación municipal do concello de Bueu formulada por D. Antonio Rosales Pedrouso.*
- 3.- *Dación conta da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da información relativa ao coste efectivo dos servizos do concello de Bueu nos termos que resultan da orde HAP/2075/12014.*
- 4.- *Dación conta das resolucións de alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria.*
- 5.- *Dación conta dos reparos de legalidade formulados polo interventor do concello dende a derradeira sesión ordinaria.*
- 6.- *Rogos e preguntas*

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo sr. alcalde declarase aberta a sesión, desexando a todos os presentes boas festas de Nadal.

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: NÚM. 13/15 E 14/15 DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADAS O PASADO 09 E 23 DE NOVIEMBRE DE 2015

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 13/15 da sesión ordinaria da corporación municipal celebrada o pasado 09 de novembro de 2015.

Non producíndose ningunha intervención o sr. alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 13/15 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de novembro, celebrada o pasado 09 de novembro de 2015 a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por unanimidade do seus membros asistentes (15 votos a favor dos que 11 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 02 dos concelleiros pertencentes ao grupo municipal do PP; 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de SON), aproba a acta núm. 13/15 da sesión ordinaria da corporación municipal correspondente ao mes de novembro celebrada o pasado 09 de novembro de 2015.

A continuación, pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 14/15 da sesión extraordinaria da corporación municipal celebrada o pasado 23 de novembro de 2015.

Non producíndose ningunha intervención o sr. alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 14/15 da sesión extraordinaria da corporación municipal, celebrada o pasado 23 de novembro de 2015 a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por maioría do seus membros asistentes (10 votos a favor dos que 08 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, coa excepción dos sres. Eirea Eiras, Otero Pérez e a sra. Pérez Piñeiro, 01 da sra. Otero González pertencente ao grupo municipal do PP, coa excepción da sra. Pérez Hernández e 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE e 05 abstencións das que 03 corresponden aos sres. Eirea Eiras, Otero Pérez e a sra. Pérez Piñeiro pertencentes ao grupo político municipal de BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 01 á sra. Pérez Hernández pertencente ao grupo municipal do PP e 01 ao sr. Villanueva González pertencente ao grupo político municipal de SON, por non ter asistido á sesión extraordinaria do 23 de novembro cuxa acta sometese a aprobación), aproba a acta núm. 14/15 da sesión extraordinaria da corporación municipal celebrada o 23 de novembro pasado.



2. TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BUEU FORMULADA POR D. ANTONIO ROSALES PEDROUSO.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura da comunicación de alcaldía de data 3 de decembro de 2015 sobre o asunto de referencia que contén a proposta de solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial correspondente para cubrir a vacante no posto de concelleiro da corporación municipal derivada da renuncia de D. Antonio Rosales Pedrouso e que literalmente di:

“Visto o escrito formulado polo concelleiro da corporación municipal pertencente ao grupo político do BNG, Antonio Rosales Pedrouso, con DNI núm. 53111371-R, del 30.11.2015 e RE núm.9907/15 da mesma data, polo que presenta a súa renuncia ao cargo de concelleiro desta corporación municipal.

Considerando que o seguinte posto na candidatura núm. 3 correspondente ao Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm.75 de 22.04.15 corresponde ao posto número 13 que ocupa Inmaculada Concepción Rodríguez Dias, con DNI núm.35313656-P, quen ten formulada aceptación anticipada do cargo en comparencia persoal ante a Secretaría municipal do concello de Bueu, en data 03.12.2015.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento, e de Réxime Xurídico das Entidades locais (ROFRXEL), coa Instrución de 10.07.2003 da Xunta Electoral Central sobre a substitución de cargos representativos locais e co artigo 182 da Lei Orgánica 5/85 do Réxime electoral xeral.

Pola presente poño en coñecemento do Pleno da corporación municipal para a súa toma de razón dos seguintes feitos:

- A renuncia do concelleiro da corporación municipal pertencente ao grupo político municipal do BNG. D. Antonio Rosales Pedrouso, con DNI núm. 53111371-R
- A aceptación anticipada de Inmaculada Concepción Rodríguez Dias, con DNI núm. 35313656P que figura no posto 13 da candidatura núm. 3 correspondente ao Bloque Nacionalista Galego- Asembleas Abertas da circunscrición electoral de Bueu, publicada no BOP núm.75 de 22.04.15.

E PROPOÑO ordear a remisión da presente comunicación á Xunta Electoral Central a efectos de proceder a súa substitución con indicación de que a persoa a substituír o posto vacante do concelleiro é Inmaculada Concepción Rodríguez Dias, con DNI núm. 35313656P, de acordo co disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/85 de Réxime Electoral Xeral.”

Rematada a lectura da comunicación o Alcalde declara aberto o debate non producíndose ningunha intervención, de conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e de réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), coa Instrución de 10.07.2003 da Xunta Electoral Central sobre a substitución de cargos representativos locais e co artigo 182 da Lei Orgánica 5/85 do Réxime Electoral Xeral, o Alcalde somete a votación a súa proposta de data 3.12.2015 a votación ordinaria e a man alzada co seguinte resultado:

Votación e acordo



O Pleno da Corporación Municipal en votación ordinaria, nominal e a man alzada, e por maioría absoluta dos seus membros asistentes (12 votos a favor dos que 11 corresponden aos concelleiros/as asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS; 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal SON) e coas abstencións do grupo político municipal do PP (02) e do grupo político municipal PSdeG-PSOE (01) , acorda:

1º .- Tomar razón dos seguintes feitos:

- Da vacante no posto de concelleiro/a municipal por motivo da renuncia de D. Antonio Rosales Pedrouso, concelleiro pertencente ao grupo político municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS mediante escrito presentado o 30/11/2015 e RE. Núm. 9907/15.
- Da vontade mostrada por Dona Inmaculada Concepción Rodríguez Dias, con DNI núm. 35313656P, candidata que figura no posto 13 da candidatura núm.3. correspondente ao Bloque Nacionalista Galego- Asembleas Abertas da circunscrición electoral de Bueu, de que polo Pleno da corporación municipal do concello de Bueu sexa indicado o seu nome como o correspondente para cubrir a vacante derivada da renuncia de D. Antonio Rosales Pedrouso.

2º Indicar o nome de Inmaculada Concepción Rodríguez Dias, con DNI núm. 35313656P como persoa á que a xuízo desta corporación, lle corresponde cubrir a vacante pola renuncia do concelleiro do grupo municipal del BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, D. Antonio Rosales Pedrouso, ordeando a remisión da toma de razón e do presente acordo á Xunta Electoral Central a efectos de proceder a súa substitución de acordo co disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/85 do Réxime Electoral Xeral.

3. DACIÓN CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DA INFORMACIÓN RELATIVA AO COSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS DO CONCELLO DE BUEU NOS TERMOS QUE RESULTAN DA ORDE HAP/2075/12014.

Polo Sr. alcalde dáse conta da remisión ao ministerio de Facenda e Administracións Públicas da información relativa ao custe efectivo dos servizos do concello de Bueu nos termos que resultan da orde HAP/2075/12014.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal da remisión ao ministerio de Facenda e Administracións Públicas da información relativa ao custe efectivo dos servizos do concello de Bueu nos termos que resultan da orde HAP/2075/12014.

4. DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNES DA ALCALDÍA HABIDAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.

Pola Presidencia dáse conta das resolucións da alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos sres. concelleiros dende a convocatoria da sesión.

Non facendo uso da palabra ningún nos concelleiros asistentes á sesión, polo sr. alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal das resolucións habidas dende a última sesión ordinaria.



5. DACIÓN CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.

Pola Presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención do concello dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos sres. concelleiros dende a convocatoria da sesión.

O sr. Villanueva González pregunta ao sr. Alcalde pola ausencia do interventor do concello na presente sesión.

O sr. Alcalde resposta que nin o sr. Interventor do concello, nin a secretaria do concello forman parte da corporación municipal e clarexa que calquera cuestión que sexa formulada respecto a este punto da orde do día será plantexada á presidencia da sesión e non ao interventor do concello.

Non formulándose ningunha outra intervención, polo sr. alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

6. ROGOS E PREGUNTAS

- ◆ A sra. Otero González solicita do goberno se tomen as medidas oportunas para eliminar un avespeiro ubicado no poste de telefonía sito á altura do núm. 68 da rúa Norte.
- ◆ A sra. Pérez Hernández formula os seguintes rogos e preguntas:
 - a) ¿ Que se sabe do informe que ía pedirse á secretaria da mancomunidade de concellos do Morrazo respecto dun rogo formulado polo sr. Santos Pires en sesións anteriores?

O sr. Alcalde resposta que foi solicitado pero aínda non obtiveron resposta.

b) Aínda non foi convocada a correspondente sesión informativa de facenda para ditaminar a proposta de orzamentos para o ano 2016 que está a punto de comezar, ¿cando ten previsto o alcalde presentalos?

O sr. García Cuervo resposta que as liñas mestras do vindeiros orzamentos xa están feitas e so quedan concretar algunhas partidas tales como a financiación definitiva do novo plan da Deputación que permitirá pechar o documento e sometelo á correspondente comisión informativa. Previamente se lles dará traslado dunha copia do borrador dos orzamentos aos distintos grupos políticos municipais.

O sr. Alcalde intervén para engadir que a súa intención é celebrar unha sesión ao longo do mes de xaneiro para a aprobación inicial das orzamentos.

- ◆ O sr. Vilas Pastoriza formula os seguintes rogos e preguntas:
 - a) Insta á limpeza da fonte das Redeadas.
 - b) Denuncia un problema de acumulación das follas dos árbores nun callejon que vai á entrada dun garaxe na rúa Xosé M^a Estévez.
 - c) Insta a reposición de luces en varias luminarias en Bon que se atopan fundidas.
 - d) ¿Ten o goberno prevista algunha actuación para prever as inundacións acontecidas en día pasados?



O sr. alcalde resposta que hai unha previsión de obras orientadas a paliar os episodios rexistrados en noites pasados por mor da intensa choiva motivados polo taponamento das rexillas de evacuación das augas pluviais con follas dos arbores. Neste senso, na maña de hoxe acudiu co aparelador do concello e trasladará a súa proposta a Augas de Galicia. Os problemas dos baixos máis afectados pola choiva respostan a que se sitúan por debaixo da rasante do vial e a súa elevación por obras de reasfaltado do vial agravaron a súa situación pese a abrir unha canaleta para aliviar.

◆ O sr. Villanueva González formula os seguintes rogos e preguntas:

a) Critica que os consellos municipais de igualdade se celebren en horario de maña xa que imposibilita a súa asistencia por razóns laborais e impide compatibilizar as súas obrigas profesionais cos seus dereitos como concelleiro de participar nestas sesións. Neste senso, votou en contra dos horarios de celebración das sesións ordinarias das comisións informativas de facenda e urbanismo que se prevén pola mañá entendendo que os mesmos dificultan a participación dos concelleiros da corporación que non ten dedicación nin exclusiva, nin parcial.

Por outra banda non entende por que a convocatoria destas sesións as firma o alcalde e non o correspondente concelleiro delegado da área tendo en conta a estrutura de delegación de atribucións que realizou o alcalde ao comezo do seu mandato.

O sr. Alcalde resposta que o réxime de dedicacións dos concelleiros da corporación é independente da dispoñibilidade que debe ter todo concelleiro da corporación, sexa ou non do goberno, e teña ou non un especial réxime de dedicación. Engade que considera factible resolver os problemas de axenda doutro xeito pero non a través dun cuestionamento da legalidade que carece de todo fundamento tal e como o expón o sr. Villanueva no seu plantexamento. Considera que se a sesión se convocou en horario de mañá é porque hai algún motivo para celebralo nese horario.

O sr. Villanueva non entende por que a sesión do concello de igualdade sexa convocada polo sr. Alcalde cando hai unha delegación da área no sr. Eirea Eiras. Asemade cuestiona as datas da celebración dalgunha sesión ordinaria do pleno, entre elas da presente sesión, que non respectou a periodicidade acordada polo pleno da celebración nos primeiros luns de cada mes.

O alcalde resposta que a data e hora da celebración da presente sesión ordinaria foi consensuada na xunta de voceiros celebrada ao efecto e o cambio de data resposta ao que o primeiro luns do mes de decembro coincidía coa ponte da constitución, polo que entendía convinte consensuar outra data cos voceiros dos grupos para garantir a presenza de todos os concelleiros e así se xustificou na citada reunión. Respecto da convocatoria do concello de igualdade clarexa que existe unha delegación especial na sra. Otero Pastoriza que forma parte do citado concello xunto.

Por alusións intervén a sra. Otero Pastoriza que clarexa que as sesións se celebran en horario de mañá para garantir a presenza da directora do CIM e engade que ela tamén é concelleira sen ningún tipo de adicación e traballa e ten que deixar o seu traballo para asistir ás sesións do consello de igualdade.

Reiterándose os concelleiros nas súas manifestacións o sr. Alcalde da por finalizado o debate surxido sobre o asunto de referencia, e non habendo mais asuntos a tratar,



CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

dáse por rematada a sesión sendo as 20:30 horas do día ó principio sinalado, de todo o que, en canto Secretaria Xeral do concello, dou fe.

A secretaria,

Vº Pr.
O alcalde,

Nuria Lobato del Río

Félix Juncal Novas